

Tema 6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

En 1978 apróbase a **Constitución**: cooficialidade de galego e castelán en Galicia. En 1981 o **Estatuto de Autonomía**: “a **lingua propia** de Galicia é o galego”. En 1983 a **Lei de Normalización Lingüística**: regula o seu uso nas diversas administracións e servizos.

O galego convértese na lingua oficial da administración autonómica, da Xunta de Galicia. O seu ensino é obrigatorio en Primaria e Secundaria, e algunhas materias máis deberán ser impartidas nesta lingua. No ensino universitario xa non rexen estas normas. En 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**: 445 medidas destinadas a potenciar o galego, que non se chegaron a desenvolver. O galego é moi utilizado nas actividades políticas, institucionais, universitarias e culturais. Mesmo parece que o seu uso comercial comeza a ser economicamente rendible e prestixia certos produtos. Hai moitas webs, foros, chats, blogs nos que é frecuente o galego. Temos en galego tradutores, correctores ortográficos, Android, Windows, Facebook, Twitter... As compañías de telefonía móbil xa ofertan terminais en galego. Mais a **perda do número de falantes** segue acelerándose. Xa non é a lingua exclusiva no rural, e nas pequenas e grandes vilas, nas cidades, cada vez é máis minoritaria ([Instituto Galego de Estatística en 2019](#)).

Na busca dunha norma escrita, entramos na fase do galego estándar; vanse eliminando dialectalismos, arcaísmos e hiperenxebrismos, ao tempo que se adapta á nova situación social (máis ámbitos de uso) e académica (vehículo para outras materias). En 2014 o Galego ocupaba por número de falantes o posto 136 entre as linguas do mundo, o 49 por libros traducidos, o 37 por páxinas de Internet, o 26 por uso nas redes sociais. Está claro que se queremos, podemos!

(283 palabras)

Cómpre personalizar a resposta para non reproducir exactamente o tema tal e como aquí figura: cambiar palabras, a orde, introducir algún dato novo, etc. Hai que evitar que o corrector se encontre cunha resposta igual a moitas outras.

Agárdase do alumnado unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa puntuación que se lle concede á pregunta e co tempo do que se dispón para o exame. Sería desexable unha extensión aproximada dunhas 200 ou 250 palabras. Ao se tratar dunha extensión breve para unha pregunta deste tipo, valorarase a

capacidade para seleccionar e presentar a información máis relevante sobre o tema escollido, así como para evitar divagacións e xeneralidades.

Versión máis longa (563 palabras) máis axeitada para unha redacción esquemática:

No ano 1975 morre Franco e tres anos máis tarde as Cortes democráticas aproban a **Constitución**: cooficialidade de galego e castelán en Galicia. En 1981 no **Estatuto de Autonomía**, establécese que "a **lingua propia** de Galicia é o galego" e que "ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua". No ano 1983 entrou en vigor a **Lei de Normalización Lingüística**, que regula o seu uso nas diversas administracións e servizos. O galego convértese na lingua oficial da administración autonómica: da Xunta de Galicia e todas as súas Delegacións e do Parlamento. Con lixeiras excepcións a lexislación cúmprese. O seu ensino é obrigatorio nos niveis de ensino Primario e Secundario, onde se establece tamén que polo menos dúas materias máis deberán ser impartidas nesta lingua. No ensino universitario xa non rexen estas normas. En setembro de 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**: 445 medidas destinadas a potenciar o galego. En setembro de 2005 o Consello de Europa recomenda que en Galicia o ensino sexa "principalmente en galego". No curso 2007-2008 entra en vigor o decreto que establece que en Primaria e ESO polo menos o 50% das materias sexan en galego. En 2010 un **novo decreto** reduce a presenza do galego no ensino ata un máximo do 50% e pretende introducir como lingua vehicular do ensino o inglés. Cualitativamente está hoxe presente en ámbitos anteriormente impensables: é moi utilizado nas actividades políticas, institucionais, universitarias e culturais. Mesmo parece que o seu uso comercial comeza a ser economicamente rendible e prestixia certos produtos. Cada vez un maior número de profesionais liberais o utiliza normalmente. Neste século XXI temos que ter en conta o seu uso na internet pois a lingua que quede fóra dela non ten futuro. Hai moitas webs, foros, chats, blogs nos que é frecuente o galego. Temos tradutores, correctores ortográficos en galego, ademais de Android, Windows, Facebook, Twitter... As compañías de telefonía móbil ofertan algúns terminais en galego. Mais a **perda do número de falantes** segue acelerándose. Nos últimos anos coñecéronse datos moi negativos que crearon unha grande repercusión na prensa. Todas as enquisas indican que o uso decrece segundo é menor a idade dos entrevistados ([Instituto Galego de Estatística en 2019](#)). Ata hai pouco tempo era a lingua exclusiva no ámbito rural, pero xa non o é. Nas pequenas e grandes vilas, así como nas cidades, cada vez é máis minoritaria.

Na busca dunha norma escrita, entramos na fase do **galego estándar**; ao haber un estudo sistemático da lingua pódese fixar con maior coñecemento unha norma culta, da que se van eliminando dialectalismos, arcaísmos e hiperenxebrismos, seguindo o camiño xa emprendido na etapa anterior, ao tempo que se adapta á nova situación social (máis ámbitos de uso) e académica (vehículo para outras materias). En 2014 o Galego ocupaba por número de falantes o posto 136 entre as linguas do mundo, o 49 por libros traducidos, o 37 por páxinas de Internet, o 26 por uso nas redes sociais. Está claro que se queremos, podemos!

Mirando cara adiante, é a sociedade galega a responsable do futuro da ^{súa} lingua:

- Escoller un proceso de recuperación como están a facer en Cataluña e Euskadi grazas aos seus serios proxectos de normalización.
- Deixar que a lingua siga esmorecendo, perdendo falantes e mantendo o seu uso nas clases de galego e en determinadas situacións e funcións sociais.

Os consellos de Xosé Manuel Calvo para a cuestión nº 6:

O ideal sería que levases un esquema estudado da casa, onde debes ordenar os contidos que vas desenvolver. A pregunta vale **1 punto** e é doado conseguir 0,50 puntos, mais é moi difícil conseguir 1 punto cando nos piden 200/250 palabras (**folio/folio e medio aproximadamente**). Nesta pregunta pódese perder máis por faltas de ortografía do que se gaña por contidos. Esta cuestión **non debería levarche máis de 10 minutos** en ningún caso. Quen aspire a nota debe levala moi ben pensada, levar ben seleccionados os contidos fundamentais e non perderse en digresións O que non teña que pelexar por unhas décimas mesmo debería deixala para o final e , en función de como vaia de tempo, atreverse con ela.

OLLO: debes usar unha terminoloxía culta adecuada ao rexistro lingüístico. Non ter claras as ideas e confundir, por exemplo, *normalización* con *normativización*, ou *lingua maioritaria* con *maiorizada* pode facer que a túa resposta sexa considerada errónea e che sirva só para perderes puntos polas faltas de ortografía.